

NORMAS DE XESTIÓN PARA ALOXAMENTO DE VISITANTES NO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS

Aprobadas polo Consello de Goberno o 30 de marzo de 2005

O Servizo Universitario de Residencias (SUR) da Universidade de Santiago de Compostela (USC) é un Servizo cunha acreditación avalada pola confianza e satisfacción que amosan os seus usuarios. A situación xeográfica, as instalacións de que dispón e os servizos adicionais que se ofrecen (cafeterías, comedores, bibliotecas, salas de informática con internet, etc...) son boa mostra da vontade institucional de consolidar, aínda máis, o SUR como un servizo de calidade para beneficio dos individuos e de toda a colectividade universitaria.

Malia a todo, queremos avanzar na mellora da eficacia cunha xestión responsable da ocupabilidade dos Centros. É por iso que pedimos a todos os sectores implicados neste proceso a súa colaboración no cumprimento das presentes normas:

Aos efectos desta normativa, Visitante é toda persoa que, non sendo membro da nosa Comunidade Universitaria, ven realizar alguna actividade docente, investigadora ou cultural na USC. Queda excluído o estudantado matriculado en estudos conducentes á obtención de titulacións de grado ou de posgrado e CAP ou equivalente.

1. As solicitudes de reserva realizaranse mediante o modelo que aprobe a Vicerreitoría de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria, cumprimentado que deberá cumprimentar en todos os seus apartados –nome do visitante, tipo de cuarto, data de entrada e saída, etc.- e enviarase por correo electrónico á dirección que nel figure.

2. Poderán facerse a través de calquera das estruturas orgánicas da Universidade (Facultades, Escolas Universitarias, Departamentos, Institutos,...).

3. A Sección de Servizos á Comunidade Universitaria do Servizo de Axudas e Servizos ao Alumnado, poñerase en contacto co solicitante, tamén a través do correo electrónico, para comunicarlle en que colexio maior ou residencia se lle concede a reserva ou a imposibilidade da concesión, ben por non dispor de prazas vacantes ben por non axeitarse a petición a estas normas.

4. O importe do aloxamento será aboado polo Departamento, Instituto, Facultade ou Escola que realizou a reserva, ou polo propio interesado.

A) No primeiro caso, o responsable económico do centro de gasto deberá enviar, coa maior brevidade posible, a folla de pedimento debidamente cumprimentada coa autorización da retención do gasto, á administración do colexio maior ou residencia asignado. Contra esta folla expedirase o correspondente cargo interno.

B) Se o importe do aloxamento corre a cargo do interesado este **deberá aboalo o primeiro día da súa estancia**, segundo se indica de seguido:

1. Na administración do centro onde lle foi concedida a praza, por medio de **tarxeta de crédito**.

2. **Co impreso de pago normalizado** que se lle facilitará no propio centro.

3. No caso de que a entrada no Centro se realice en sábado, domingo ou festivo, o visitante, previamente á súa chegada, deberá aboar o custo do aloxamento mediante:

4. **Transferencia bancaria** á conta desta Universidade nº 2091 0388 98 3110001172 de Caixa Galicia, Oficina Principal, Santiago de Compostela.

O xustificante da transferencia entregárase ao persoal de servizo ese día no Centro.

5. No caso de anulación da reserva, que se fará por correo electrónico, non se efectuará ningún cargo se se comunica cunha antelación mínima de 7 días. De non mediar dita comunicación que xustifique a anulación, o custo completo do aloxamento será aboado por quen efectuou a reserva quen, á súa vez, farase responsable dos problemas que poidan xurdir.

6. Os prezos, que como norma xeral serán revisados anualmente, son os que figuran como **Anexo I** a estas normas.

ANEXO I

PREZOS DE ALOXAMENTO NO SUR PARA VISITANTES

ANO 2005

1. PREZOS DE CUARTOS INDIVIDUAIS E DOBRES

Atendendo á duración da estadia considéranse tres tramos económicos que supoñen unha redución que vai desde un 50 ata un 80 por 100 do custo inicial.

Nos seguintes cadros calcúlase o prezo por día e tramo:

PREZOS DE CUARTOS INDIVIDUAIS					
Primeiro Tramo		Segundo Tramo		Terceiro Tramo	
1 DIA	24 €	11 DIAS	247,20 €	21 DIAS	316,80 €
2 DIAS	48 €	12 DIAS	254,40 €	22 DIAS	321,60 €
3 DIAS	72 €	13 DIAS	261,60 €	23 DIAS	326,40 €
4 DIAS	96 €	14 DIAS	268,80 €	24 DIAS	331,20 €
5 DIAS	120 €	15 DIAS	276,00 €	25 DIAS	336,00 €
6 DIAS	144 €	16 DIAS	283,20 €	26 DIAS	340,80 €
7 DIAS	168 €	17 DIAS	290,40 €	27 DIAS	345,60 €
8 DIAS	192 €	18 DIAS	297,60 €	28 DIAS	350,40 €
9 DIAS	216 €	19 DIAS	304,80 €	29 DIAS	355,20 €
10 DIAS	240 €	20 DIAS	312,00 €	30 DIAS	360,00 €
PREZOS DE CUARTOS DOBRES					
1 DIA	40 €	11 DIAS	412 €	21 DIAS	528 €
2 DIAS	80 €	12 DIAS	424 €	22 DIAS	536 €
3 DIAS	120 €	13 DIAS	436 €	23 DIAS	544 €
4 DIAS	160 €	14 DIAS	448 €	24 DIAS	552 €
5 DIAS	200 €	15 DIAS	460 €	25 DIAS	560 €
6 DIAS	240 €	16 DIAS	472 €	26 DIAS	568 €
7 DIAS	280 €	17 DIAS	484 €	27 DIAS	576 €
8 DIAS	320 €	18 DIAS	496 €	28 DIAS	584 €
9 DIAS	360 €	19 DIAS	508 €	29 DIAS	592 €
10 DIAS	400 €	20 DIAS	520 €	30 DIAS	600 €

A estes prezos hai que engadirle o 7% de IVE

Se a estadia é superior a un mes, o prezo de cada día que exceda do dito mes será de 12€ en habitación individual e de 20€ en habitación dobre.

Cando estean ocupados todos os cuartos individuais, a Vicerreitoría poderá autorizar a utilización de cuartos dobres para uso individual, tendo sempre como horizonte a optimización dos recursos existentes

2. PREZOS DE APARTAMENTOS

Os apartamentos están ubicados na Residencia Universitaria Burgo das Nacións

Ao igual que nos prezos dos cuartos individuais e dobres, considéranse tres tramos económicos.

Características:

Todos constan de: cuarto de baño, salón con cama supletoria, cociña, TV, microondas, neveira e menaxe.

Dous apartamentos pequenos: un cuarto con dúas camas individuais,

Catro apartamentos medianos: un cuarto cunha cama de matrimonio e outro cunha cama individual e,

Tres apartamentos grandes: un cuarto cunha cama de matrimonio e outro con dúas camas individuais.

Nos seguintes cadros calcúlase os prezos por día e tramo

PREZOS PARA OS APARTAMENTOS PEQUENOS					
Primeiro Tramo		Segundo Tramo		Terceiro Tramo	
1 DIA	44 €	11 DIAS	453,20 €	21 DIAS	580,80 €
2 DIAS	88 €	12 DIAS	466,40 €	22 DIAS	589,60 €
3 DIAS	132 €	13 DIAS	479,60 €	23 DIAS	598,40 €
4 DIAS	176 €	14 DIAS	492,80 €	24 DIAS	607,20 €
5 DIAS	220 €	15 DIAS	506,00 €	25 DIAS	616,00 €
6 DIAS	264 €	16 DIAS	519,20 €	26 DIAS	624,80 €
7 DIAS	308 €	17 DIAS	532,40 €	27 DIAS	633,60 €
8 DIAS	352 €	18 DIAS	545,60 €	28 DIAS	642,40 €
9 DIAS	396 €	19 DIAS	558,80 €	29 DIAS	651,20 €
10 DIAS	440 €	20 DIAS	572,00 €	30 DIAS	660,00

PREZOS PARA OS APARTAMENTOS MEDIANOS					
Primeiro Tramo		Segundo Tramo		Terceiro Tramo	
1 DIA	50 €	11 DIAS	515 €	21 DIAS	660 €
2 DIAS	100 €	12 DIAS	530 €	22 DIAS	670 €
3 DIAS	150 €	13 DIAS	545 €	23 DIAS	680 €
4 DIAS	200 €	14 DIAS	560 €	24 DIAS	690 €
5 DIAS	250 €	15 DIAS	575 €	25 DIAS	700 €
6 DIAS	300 €	16 DIAS	590 €	26 DIAS	710 €
7 DIAS	350 €	17 DIAS	605 €	27 DIAS	720 €
8 DIAS	400 €	18 DIAS	620 €	28 DIAS	730 €
9 DIAS	450 €	19 DIAS	635 €	29 DIAS	740 €
10 DIAS	500 €	20 DIAS	650 €	30 DIAS	750 €

PREZOS PARA OS APARTAMENTOS GRANDES					
Primeiro Tramo		Segundo Tramo		Terceiro Tramo	
1 DIA	61 €	11 DIAS	628,30 €	21 DIAS	805,20 €
2 DIAS	122 €	12 DIAS	646,60 €	22 DIAS	817,40 €
3 DIAS	183 €	13 DIAS	664,90 €	23 DIAS	829,60 €
4 DIAS	244 €	14 DIAS	683,20 €	24 DIAS	841,80 €
5 DIAS	305 €	15 DIAS	701,50 €	25 DIAS	854,00 €
6 DIAS	366 €	16 DIAS	719,80 €	26 DIAS	866,20 €
7 DIAS	427 €	17 DIAS	738,10 €	27 DIAS	878,40 €
8 DIAS	488 €	18 DIAS	756,40 €	28 DIAS	890,60 €
9 DIAS	549 €	19 DIAS	774,70 €	29 DIAS	902,80 €
10 DIAS	610 €	20 DIAS	793,00 €	30 DIAS	915,00 €

A estes prezos hai que engadirlle o **7% do IVE**

Se a estadia é superior a un mes, o prezo de cada día que exceda do dito mes será de:
 22€ o apartamento pequeno
 25€ o apartamento mediano
 30,50€ o apartamento grande